

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024 (DOG 18/09/24), da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria, a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 11, punto 13 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **tres representantes do profesorado**, dun total de seis que debe ter o Consello Escolar. Estes serán elixidos para un período de mandato de catro anos. Os outros tres representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.
1. O censo electoral de profesorado está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro, podendo reclamar ao mesmo ata o día 6 de novembro de 2024 ás 12 horas.
2. As **candidaturas** correspondentes poderanse presentar **desde as 10.00 horas do día 29 de outubro ata as 14.00 horas do día 8 de novembro de 2024**. Os impresos correspondentes poden recollerse en secretaría ou na páxina web do centro.
3. Haberá un claustro informativo, de carácter preceptivo, o luns día 11 de novembro ás 16.30 horas .
4. A xuntanza extraordinaria de **Claustro de Profesores**, para a **VOTACIÓN**, terá lugar o **luns, día 19 de novembro de 2024, ás 17.30 horas**, na aula de usos múltiples.
5. A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como presidente, e os/as profesores/as de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
6. Cada profesor/a marcará na papeleta de votación un máximo de **dous nomes (2)** da lista de candidatos.
7. O voto será directo, secreto e non delegable.
8. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Vedra, a 29 de outubro de 2024.

O DIRECTOR DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: José Viana Rey